

EXPEDIENTE: 1075/2024

Tipo procedemento: Selección de Persoal.

Denominación: Resolución corrección de erros relación admitidos peón servizos varios 2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por decreto de 21/05/2024 resolveuse declarar a relación definitiva de incluídos dos candidatos presentados no proceso selectivo para a selección de peóns de servizos varios.

Advertido un erro de feito, consistente en que D^a Irene Pouso-Vázquez Abreu presentou a solicitude en tempo e forma con acompañamento da preceptiva documentación esixida na convocatoria procede, en base ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, rectificar de oficio o erro de feito existente debendo proceder á súa inclusión na lista definitiva de admitidos no proceso selectivo mencionado “*ut supra*”.

Polo exposto e no exercicio das miñas atribucións positivizadas no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a listaxe de candidatos definitivamente admitidos no proceso de selección para peón de servizos varios que constan no decreto de data de 21/05/2024 e, en consecuencia, incluír a D^a Irene Pouso Vázquez Abreu con NIF 35633530K neste proceso selectivo.

Segundo.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, esta rectificación da listaxe de admitidos, concedendo ós interesados un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a presentación de posibles alegacións.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

JOSÉ RAMÓN ROMERO GARCÍA, ALCALDE PRESIDENTE

FRANCISCO J. OUBIÑA LODEIRO, SECRETARIO XERAL

